






REGULAMENTO DA MARCHA CICLISTA DE SALCEDA DE CASELAS





DISPOSICIÓNS XERÁIS

- A. NORMAS XERÁIS
- B. ACTIVIDADES DEPORTIVAS
- C. PREINSCRIPCIÓNS E INSCRIPCIÓNS
- D. CONTROL DA MARCHA
 - H.1. FOLLAS DE INSCRIPCIÓN
 - H.2. RECLAMACIÓNS
- E. DORSAIS
- F. NORMAS RELATIVAS AO DESENVOLVEMENTO DA CERIMONIA
PROTOCOLARIA
- G. CERIMONIA PROTOCOLARIA
- H. NORMAS A SEGUIR DE PROTOCOLO



A. NORMAS XERÁIS

As disposicións que se establecen a continuación constitúen o Regulamento de Ciclismo da ANPA DO CEP ALTAMIRA e anulan, definitivamente, a Normativa Técnica que fose aprobada con anterioridade a ésta.

As disposicións que se establecen a continuación, son un complemento adicional, de carácter regulamentario ao establecido no Regulamento do Deporte Ciclista da UCI. Calquera disposición ou caso non considerado nesta normativa técnica, será resolto con base no que se indique no Regulamento do Deporte Ciclista UCI ou nos Regulamentos Técnicos e Particulares da Real Federación Española de Ciclismo (RFEC).

Os presentes Regulamentos son de aplicación a todas as persoas e entidades que dunha forma ou outra se participen nesta proba e, polo tanto, sométese ás consecuencias que poidan derivarse da súa aplicación, sen que, en ningún caso, poida alegar ignorancia destes.

Todas as persoas afectadas pola proba deben ter presente que para todo canto se refira ao cumprimento destes regulamentos deben dirixir as súas peticións á Dirección da ANPA DO CEP ALTAMIRA, ao igual que para aclaracións ou solicitude de melloras.

B. ACTIVIDADES DEPORTIVAS

A ANPA DO CEP ALTAMIRA ten competencia para fixar as limitacións que considere oportunas respecto á actividade deportiva dos corredores, relacionada coas esixencias propias da categoría, en interese da tutela do patrimonio deportivo ciclista.

O seguro só estará vixente mentres se disputa a proba para a que se fai a licenza dun día.



No caso no que o ciclista sexa menor de idade, deberá de presentar unha autorización da nai, pai ou titor legal.

No caso de que o ciclista menor non posúa DNI, deberá presentar o libro de familia e ademáis incluír unha autorización da súa nai, pai ou titor.

Os menores de 14 anos (incluídos) deberán ir acompañados dun adulto que se faga responsable do menor.

Un mesmo adulto pode figurar como responsable de varios menores, pero no caso de que teña que abandonar a proba os menores a cargo deberán abandonar tamén.

A ANPA DO CEP ALTAMIRA non se fai cargo dos danos ou perdas dos obxectos persoais durante a realización da proba.

C. PREINSCRIPCIÓNS E INSCRIPCIÓNS

Toda proba competitiva celebrada farase por preinscricións telemática e con datas de inicio e peche. Non se aceptarán inscricións fora dos prazos establecidos.

As inscricións faranse unicamente mediante vía telemática dende o día 22 de Maio ó 5 de Xuño as 00:00h.

D. CONTROL DA MARCHA

D.1. FOLLAS DE INSCRIPCIÓN

A ANPA Altamira subirá a folia de inscrición en internet e deberán cubrirse telemáticamente.

D.2. RECLAMACIÓNS

A reclamación que implique a un menor de idade, só se admitirá se figura na inscrición o pai, nai ou representante legal coa correspondente autorización.



E. DORSAIS

Os dorsais deberánse recoller o mesmo día da proba, desde unha hora e media e ata media hora antes da saída.

F. NORMAS RELATIVAS AO DESENVOLVEMENTO DA CERIMONIA PROTOCOLARIA

O corredor deberá presentarse á cerimonia con roupa deportiva cómoda que non acarree risco de engancharse na roda ou cadea.

O corredor deberá levar o casco correctamente colocado en todo o percorrido da proba e independentemente da idade do participante.

G. CEREMONIA PROTOCOLARIA

Tanto a saída da marcha como a chegada terá lugar no pavillón de deportes do Concello.

A marcha percorrerá algunhas das rúas do Concello facendo un total de 12 km.

O responsable da proba será a ANPA DO CEP ALTAMIRA, e actuará na súa representación Cristina Domínguez Castro con DNI 76914810G e teléfono 645906858.

Na metade do percorrido terá lugar o descanso para poder repoñer forzas no avituallamento.

Ó final do percorrido farase un sorteo de diferentes agasallos entre os dorsais participantes.



O control e orde da marcha, tanto no que respecta os participantes como o resto de usuarios da vía, están encomendados ós axentes da autoridade ou persoal da organización habilitado. As ordes ou instrucións emanadas de dito persoal durante o desenvolvemento da marcha, que actuarán seguindo as instrucións dos axentes, terán a mesma consideración que a dos axentes, ó actuar como auxiliares destes.

A organización contará con vehículos de apoio suficientes:

- Os participantes menores de idade que non consigan rematar a proba quedarán a cargo d@ acompañante, debido a obrigatoriedade do uso de medios de retención infantil para o traslado en coche.
- En caso de non necesitar silla retención infantil, a organización poderá realizar o desprazamento d@ participante.

H. NORMAS A SEGUIR DE PROTOCOLO

Na marcha poderá participar calquera persoa nado entre o ano 1.919 e 2.019 (ambos inclusive).


O uso do casco será obrigatorio independentemente da idade do participante na marcha.

Todo participante nado entre o 2.014 e 2.019 deberá ir acompañado por un adulto que se faga responsable do mesmo.

Todo participante menor de idade nado antes do 2014 que non vaia acompañado dun adulto deberá presentar unha autorización da súa nai/pai ou titor legal cos datos de contacto para posibles incidencias.

Non estará permitido facer o percorrido sen dorsal ou incumprindo algunha das normas establecidas neste regulamento.

Os axentes da autoridade e o persoal auxiliar habilitado, poderán impedir a continuidade dos participantes na marcha cando as súas accións constitúan un perigo para o resto dos participantes ou usuarios da vía, quedando dende ese intre exento de responsabilidade a organización da marcha.



Todo participante que sexa rebasado polo vehículo “fin de proba” considerarase fora da mesma.

Toda persoa que faga o percorrido sen dorsal ou incumplindo calquera das partes deste regulamento, e non sexa detectada pola organización, quedará excluída do seguro da proba.

A marcha non terá carácter competitivo.

A organización non se fará responsable dos danos perxuicios que poidera sufrir o participante nin dos que poida ocasionar a terceiros, así como tampouco de cantos gastos deudas ou danos poidera contraer no transcurso do evento. A organización tampouco se fará responsable das averías sufridas nas bicicletas como consecuencia da práctica deportiva. O participante renuncia polo tanto a emprender accións legais que poideran derivar da súa participación na proba contra a organización da mesma.